

# Dende o paraíso ó Piñeiro

---

## *Caíno Vasconcellos*

No cumio, e a carón de min,  
a herba tinguése de ouro polo sol  
que devala xa.

Nas pedras grises lustrean os reflexos  
metálicos do seixo e da mica  
a bris e bico eterno e lene  
agasallo que chega dos beizos  
da liña do infindo.

Sobre min o vó dos negros avións  
e as andoriñas, que coma pequenos  
anxos coroan de agarimosa ledicia  
os outeiros.

Dende esta soidade contemplo a paisaxe,  
un mundo de intres  
debruza lembranzas e olladas,  
portas que se pechan a camiños imposibles, xa.

Na lonxanía, a terra dá unha aperta de eternidade ao mar.  
a ese mar que todos percorremos día a día coa nosa ollada,  
coa nosa alma, cos nosos soños.

Mar de morte, mar de vida,  
plenitude que enche a alma de esperanza  
que abre as portas sempre;  
e sobre da súa pel leva miles de cruces  
miles de ceos, miles de pensamentos.

Mar que enche as mans de pan e sangue,  
espello onde se retratan as gaiotas con adeus de ás,  
onde se pechan as portas ás sombras saudosas,  
na percura de anacos de almas perdidas  
navegando sen rumbo nos amorecentes abismos  
de argazos e corais.

O castelo é un bosque verdecente de sombras azuis,  
badexado de murallas e torres pantasmais,  
que con pés de espuma branca,  
semella un navío que avanta sobor das ondas,  
cara ás illas Cíes na brétema da noitebra.

Monteboi: onde se sementou a historia,  
o misterio e as lendas, as súas pedras son testemuñas,  
pegadas de conquistas e fracasos acontecidos,  
das ilusións, e os soños, de todos nosos abrentes e solpores.

No Val Miñor as montañas tocan o ceo con mans de granito,  
escintilando no solpor, e tinguidas pola cor vermella  
dun derradeiro fusco esmorecente.

Polos frondosos piñeirais verdeazuis  
o Río Miñor semella unha serpe prateada esvaíndose  
entre as escuras fragas para mesturarse na Foz co mar.

As casas son pinceladas brancas  
pombas pousadas no escuro pano que baixa pola costeira.  
A paz do solpor invade todo,  
o vento trae o son das campás da noite  
a melancolía do adeus  
que acende na noiñiña  
os trementes vagalumes amarelos.